

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2015 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios da Illa de Arousa.

A área de explotación e planificación portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios das instalacións portuarias competencia da Comunidade Autónoma de Galicia situadas no termo municipal da Illa de Arousa, na provincia de Pontevedra, e adscritas ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia na falta de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia celebrada o día 15 de decembro de 2015, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios da Illa de Arousa, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria do 11.12.2015, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 15.12.2015 que dá a conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios da Illa de Arousa e o eleva e propón para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Mar conferida pola Orde do 30 de marzo de 2012,

RESOLVE:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios da Illa de Arousa (Pontevedra), na súa versión asinada en decembro de 2015 polos enxeñeiros de camiños,



canais e portos Andrés D. Cervantes Refojos, como xefe do Departamento de Planificación Portuaria, e Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2015

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

